

BASES CONVOCATORIA ERASMUS+ I.E.S. POLITÉCNICO DE VIGO

Convocatoria selección **ERASMUS+ 2013-2014**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS.

BASES DÁ CONVOCATORIA

O I.E.S. Politécnico abre unha nova convocatoria para asignar SEIS (6) becas de Mobilidade ERASMUS para alumnos de Ciclos Superiores de Formación Profesional que queiran realizar o módulo de FCT no estranxeiro.

Estes fondos que proceden do Programa de Aprendizaxe Permanente da Unión Europea e xestionados pola Axencia Nacional en España están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa actualmente denominado ERASMUS.


Este proxecto consiste na realización dunha mobilidade de 3 meses de prácticas, NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados das familias profesionais de Electricidade e electrónica, Edificación e obra civil, Fabricación mecánica e Instalación e mantemento.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

As prácticas contabilizáanse como horas do módulo de FCT do ciclo.

O I.E.S. Politécnico de Vigo apoiará aos alumnos na procura de:

- Empresas dispostas a participar no Programa, situadas na unión europea.
- Seguimento por parte do titor das prácticas e do coordinador de programas ERASMUS.
- Asesoramento e guía en todo o período.



1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido: A alumnos de Grao Superior para a realización do módulo FCT no estranxeiro. O I.E.S. Politécnico de Vigo proporciona Xestión de bolsas ERASMUS e dos aspectos académicos relacionados coa validez da realización de FCT en países europeos adheridos ao programa. Así mesmo facilitará, na medida do posible, a xestión da mobilidade e o contacto cos centros de traballo.

Lugar:

- Programación da Producción en Fabricación Mecánica: Temos xa contacto con ALEMAÑA, POLONIA, FRANCIA.
- Mecatrónica Industrial: Outros anos realizáronse as prácticas en ALEMAÑA, POLONIA, FRANCIA.
- Proxectos de Edificación e Proxectos de Obra Civil: Os contactos actuais son ALEMAÑA, MALTA, ITALIA, POLONIA.
- Sistemas Electrotécnicos e Automáticos e Automatización e Robótica Industrial: ALEMAÑA, POLONIA, FRANCIA.

Estamos a tentar outros contactos con institucións e empresas para realizar unha mobilidade directa. Por outra banda, o alumno seleccionado pode promover a realización de convenios con empresas do seu interese.

PERÍODO DE REALIZACIÓN:


Abril a Xuño de 2014

DURACIÓN:

3 meses de prácticas na empresa seleccionada.

ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNO:

Becas ERASMUS: **825,00 €** (80% antes da saída ás practicas e o 20% restante ao finalizalas)
Beca transporte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia: ata un máximo de **555,00 €**
Beca Ministerio de Educación: **275,00 € fixos + 233,75 € para becarios MEC** (ata agora eran esas as axudas, pero pode haber recortes o supresión das mesmas).



2.CONVOCATORIA DE PROBA DE IDIOMAS

Convocarase unha proba de idiomas correspondente á parte de Competencia lingüística na valoración de méritos con asignación dun máximo de 10 puntos.

3.CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

As prazas dispoñibles para realizar FCT en países europeos con axudas ERASMUS asignaranse aos alumnos interesados segundo a puntuación obtida nos seguintes apartados, cunha ponderación de:

- Idioma: 40%
- Informe profesorado: 20%
- Expediente académico:30%
- Curriculum: 10%

PUNTUACIÓN DE MÉRITOS:

1 - COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: 10 puntos

Farase unha proba do dominio do Idioma .A proba constará de dous partes

PARTE A: Proba escrita

- Lectura e comprensión dun texto.
- Composición dun breve texto sobre a lectura.
- Proba tipo test (multiple choice).


PARTE B: Proba oral

Conversa

As probas serán valoradas polo profesorado do centro. No caso da proba de Inglés será valorada pola docente Montse Paz.

2 - EXPEDIENTE ACADEMICO: 10 puntos

Nota media do 1º curso e primeira avaliación do segundo.



3 – ACTITUDE: 10 puntos

Valorarase o grao de motivación, capacidade e autonomía para participar no programa ERASMUS. Este requisito será valorado polo titor de FCT xunto cos profesores do alumno e o coordinador responsable de ERASMUS.

Puntuable entre 0 e 10 puntos, e como APTO ou NON APTO.

4. CURRICULUM

Valorátese a formación regulada , cursos formativos, titulación oficial de idiomas e a experiencia profesional. **Debendo ser debidamente acreditado mediante documento compulsado.**

A valoración será até un máximo de 10 puntos. Quedando distribuída da seguinte forma.


- 1) Base :5 puntos
- 2) Titulación Reglada: Máximo de 2,5
 - a) FP
 - o Ciclo superior:1
 - o Ciclo Medio: 0,5
 - b) Título universitario: 1
 - c) Idiomas: Titulación oficial 0,5
- 3) Titulación no reglada: Máximo de 0,5
 - o Por cada 10 horas de cursos 0,1
- 4) Experiencia profesional: Máximo de 2 puntos
 - o Del mismo sector : 0,5 año máximo de 1,5
 - o Otro sector :0,1 año máximo de 0,5

4. SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os interesados entregarán a **solicitud** na secretaría do Politécnico **dende o 27 de Xaneiro de 2014 ao 3 de Febreiro de 2014 antes das 14:00 h.** O impreso de solicitude poden recollelo en secretaría, ou ben descargalo da web www.politecnico.info, no apartado Programas Europeos, ERASMUS+.

Xunto ao impreso de solicitudes entregarase:

1. CV no idioma do país escollido (Francés para Francia e inglés para o resto). **Segundo o modelo europeo** <http://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>



2. Documentos acreditativos compulsados do alegado no CV (a **compulsa pode facerse na mesma entrega na secretaria do centro**).
3. Fotocopia do DNI.

Vigo a 23 de Xaneiro de 2014